



## ACTA DA SESIÓN DO GRUPO DE TRABALLO ENCARGADO DO PROCESO DE SELECCIÓN DO PROGRAMA DE EMPREGO “REDE VIRTUAL XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS”

Acta nº 9

En representación do Concello da Coruña:

**Beatriz Mariño Vila**, xefa do Servizo de Emprego e Empresa do Concello da Coruña, que actúa en calidade de presidenta deste grupo de traballo.

**Ana Colino Gallego**, xefa da Sección de Emprego do Concello da Coruña, que actúa en calidade de secretaria deste grupo de traballo.

En representación do Concello de Culleredo:

**Isabel Buján Bernárdez**, xefa do Servizo de Dinamización, Formación e Emprego do Concello de Culleredo, que actúa en calidade de vogal deste grupo de traballo.

### Antecedentes

1º.- O 23.06.2021 realizouse a entrevista ás candidaturas do equipo directivo do programa de emprego “Rede Virtual de Xacementos Arqueolóxicos”, e logo de publicarse a listaxe provisional das puntuacións obtidas, finalmente o 05.08.2021, publícanse as listaxes definitivas sendo contratada como titora do programa de emprego mencionado á persoa candidata que obtivo unha maior puntuación.

2º.- O 08.04.2022, a través de escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello da Coruña co núm.: 27623, a persoa contratada como titora para o desenvolvemento do mencionado programa de emprego presenta a súa renuncia ó posto de traballo que viña exercendo dende o día 12.08.2021 con efectos dende o 11.04.2021.

4º.-As bases reguladoras da selección do persoal directivo, docente e administrativo do Programa de emprego, establecen na cláusula de listaxes de reserva que: “No suposto que a listaxe de reserva se esgotase ou que ningún dos seus integrantes estivera dispoñible para a súa contratación, iniciárase un novo procedemento de selección”.

5º.- Segundo o establecido na mencionada cláusula, o 19.04.2022 procedeuse a realizar o chamamento á listaxe de reserva xerada tras o proceso selectivo para a contratación do posto de titor/a do programa de emprego sen que ningunha das tres candidaturas que se contemplaban nela aceptasen, neste momento, a ser contratadas como titor/a do programa de emprego, polo que non existen candidaturas para cubrir o mencionado posto.

6º.- O 02.05.2022 remítese a oficina de emprego de Coruña-Monelos unha nova oferta para o posto de titor/a, cos requisitos seguintes:

- Licenciado/a, enxeñeiro/a, arquitecto/a ou, diplomado, enxeñeiro técnico, ou arquitecto/a técnico ou o título de grao correspondente ou outros títulos equivalentes ou certificado de profesionalidade nivel 3 da área
- Estar en posesión dun título en competencia formadora
- Ter alo menos 12 meses de experiencia profesional no ámbito

Serán preseleccionados 5 candidatos/as por posto.





7º.- Dende a oficina de emprego remítense 5 candidaturas das que 2 delas renuncian ó posto no momento en que dende o Servizo Municipal de Emprego se fixo o chamamento para convocalas á entrevista co grupo de traballo encargado de realizar o proceso de selección.

8.- O 10.05.2022 ás 09.30 na Sala de Xuntas do Centro Municipal de Emprego reúnese o grupo de traballo e se realiza a entrevista as tres candidaturas sondadas pola oficina de emprego Coruña-Monelos para o posto de titor/a do programa de emprego, e posteriormente, nesta mesma sesión, baremándose os currículos das candidaturas.

#### ACORDÁNDOSE:

1º Aprobar a relación provisional de candidaturas para o posto de titor/a do programa de emprego “Rede Virtual Xacementos Arqueolóxicos”, incorporado como Anexo.

2º Conceder un prazo de 3 días naturais para presentar posibles reclamacións

E sen máis asunto que tratar se levanta a reunión ás 11.30 horas.

Na data da sinatura electrónica do presente documento.

Beatriz Mariño Vila, xefa do Servizo de Emprego e Empresa do Concello da Coruña.

Ana Colino Gallego, xefa da Sección de Emprego do Concello da Coruña.

Isabel Buján Bernárdez, xefa do Servizo de Dinamización, Formación e Emprego do Concello de Culleredo.





## ANEXO I-A

**ENTIDADE PROMOTORA: ... CONCELLO DA CORUÑA- CONCELLO CULLEREDO.....**

**PROGRAMA DE EMPREGO: ... “REDE VIRTUAL XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS” .....**

**Relación PROVISIONAL da puntuación do equipo técnico:**

**TITO/A:**

DNI	NOMBRE	ENTREVISTA	BAREMACIÓN MÉRITOS	PUNTUACIÓN TOTAL
32769391A	GOMEZ MONTERO, MARTA	6	6,10	<b>12,10</b>
33285126D	HERNANDEZ MOURIÑO, ANDRES BIEITO	5	4,75	<b>9,75</b>
	MORENO MONTERO, FRANCISCO JAVIER	<b>NON PRESENTADO/A</b>		
	MOSQUERA FERNANDEZ, M <sup>a</sup> DOLORES			
78786757G	VILLAVERDE FERRO, MARINA	6	11,75	<b>17,75</b>

De conformidade co establecido no artigo 14 da Orde do 31 de decembro de 2020 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para a realización de programas de emprego para persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, non é aplicable a este proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas administracións públicas mesmo cando as entidades promotoras sexan un organismo público.

As reclamacións que se susciten presentaranse ante o grupo de traballo no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte o da exposición da listaxe e serán resoltas polo grupo de traballo

Na Coruña a 10 de maio de 2022